



## REBAIXAS

### BASES DO SORTEO

1ª.- A asociación de Comerciantes e Profesionais Noia Histórica, con CIF: G-15.871.189, promove e organiza o sorteo da campaña de rebaixas da tarxeta de fidelización NOIA plus.

2ª.- A campaña, de ámbito local, desenvolverase entre o 7 de xaneiro de 2019 e o 28 de febreiro de 2019 e se **sortearán 600 € (2 vales de compra de 300 € cada ún)** que poderán canxear en calquera establecemento adherido a Noia plus ata o 31 de decembro de 2019.

3ª.- Para participar no sorteo os clientes deberán mercar nos establecementos adheridos ao programa de fidelización durante as datas da promoción. Por cada 5 € de compra, presentando a tarxeta Noia plus, o programa xerará un nº exclusivo de participación (unha rifa). Pode consultar os números cos que participa entrando como usuario da tarxeta en [www.noiahistorica.com](http://www.noiahistorica.com) ou en [www.tarxetadenoia.net](http://www.tarxetadenoia.net).

**4ª.- O SORTEO celebrarase o 1 de marzo de 2.019, ás 12:00, a través do sistema informático do programa de fidelización.**

O resultado deste sorteo anunciarase nos establecementos adheridos á campaña, nos medios de comunicación e na páxina web [www.noiahistorica.com](http://www.noiahistorica.com).

5ª.- A organización porase en contacto cos agraciados nun prazo máximo de 4 días. Transcorrido ese prazo sen conseguir a localización dalgún deles o beneficiario/a perderá o dereito a reclamar o premio. A organización establecerá unha data para entrega de premio. Se algún agraciado é menor de idade éste virá acompañado a recoller o premio polo seu titor legal.

6ª.- A participación no sorteo supón a aceptación das bases, así como a autorización para utilización dos datos e imaxe dos gañadores para fins publicitarios da entidade. Os datos persoais e imaxe dos premiados forman parte dun ficheiro propiedade de Noia Histórica conforme ao Regulamento Europeo de Protección de Datos. Vostede ten dereito ao acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e olvido dos datos mediante correo electrónico dirixido a [cca@noiahistorica.org](mailto:cca@noiahistorica.org), por correo postal na rúa do Curro 31 - 2º de Noia, A Coruña e no teléfono 981 82 47 64.

A organización resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente as presentes bases sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.